

Área: Servizos Médicos

Circular nº 09 - Temp. 22/23

PROTOCOLO USO SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO (Categorías Xuvenil, Sénior e Colectivo Arbitral)

O protocolo para a tramitación de calquera sinistro deportivo a través do Seguro Deportivo Obrigatorio nas categorías xuvenís, sénior e colectivo arbitral, está publicado no apartado web de “Federación” e “Seguro Deportivo”.

Nesta circular resumimos os pasos a dar en caso de calquera accidente, así coma algunhas aclaracións que son importantes para calquera usuario/a do seguro.

- DATOS DA PÓLIZA A TER EN CONTA:

NÚMERO DE PÓLIZA: 202008200386968

TOMADOR: Federación Galega de Balonmán

COMPAÑÍA: SURNE

TELÉFONO DE ATENCIÓN: 981941111

ACLARACIÓN SOBRE OS TIPOS DE ASISTENCIA A ASEGURADOS/AS:

- **URXENTE VITAL:** Cando está en risco a vida da persoa asegurada.

Nestes casos debemos acudir ao centro sanitario máis próximo e a compañía farase cargo da primeira asistencia durante as primeiras 24 horas. Unha vez superada a asistencia médica de urxencias das primeiras 24 horas debemos trasladar a un centro concertado.

- **URXENTE:**

Accidentes que impliquen desprazamento ao hospital por accidentes cubertos na póliza: traumatismos con perda de coñecemento breve, feridas abertas que requiran suturas ou curas complexas, contusións que fagan supoñer fracturas de ósos ou luxacións de grandes articulacións.

Esta asistencia debe prestarse en centros concertados pola aseguradora, por iso **antes de acudir debemos chamar ao 981 941 111**, en caso de non chamar non quedará cuberto o accidente. Se chamamos despois das 22:30 horas e non somos quen de contactar debemos ir a calquera dos centros concertados e chamar ao día seguinte. Os principais centros concertados para asistir en caso de Urgencias son:

LOCALIDADE	CENTRO
A CORUÑA	Hospital HM Modelo e Santa Teresa
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Clínica La Rosaleda
LALÍN	Clínica Deza (recomendable ir a La Rosaleda)
LUGO	Hospital Polusa
OURENSE	Hospital Cosaga
VIGO	Hospital HM Vigo (O Castro)
PONTEVEDRA	Hospital Quirón Miguel Domínguez

- **NON URXENTE: Accidentes que non entren dentro dos dous supostos anteriores e que non requiran inmediatez no seu tratamento.**

Esta asistencia debe prestarse en centros concertados pola aseguradora. **Antes de acudir debemos chamar ao 981 941 111** e, en caso de non chamar, non quedará cuberto o accidente.

RESUMO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE

1. Chamar a GEROSALUD (981941111).

Solicitarán os datos do asegurado/a e os detalles do accidente.

*Recordamos que tan só están cubertos os accidentes en actividades que teñan o amparo ou permiso da Federación Galega de Balonmán. Desta forma, os torneos amigables sen comunicación expresa están excluídos, a non ser que sexan comunicados en tempo e forma á FGBM. (Ver circulares 4 e 5). Nesta chamada indicarannos a que centro debemos acudir.

2. Descargar da WEB da federación o parte de accidente no apartado “Federación-Seguro Deportivo”.

Despois de descargar o parte, debemos cumprimentalo con toda a información relativa ao asegurado/a e ao accidente, ademais de meter o número de expediente que nos facilitaron na primeira asistencia.

3. **Enviar o parte debidamente cumprimentado a servizosmedicos@fgbalonman.com para que o devolvan co cuño e firma da Federación Galega de Balonmán.**

En canto se envíe o parte para ser cuñado e asinado pola Federación Galega de Balonmán, o xogador/a, árbitro/a implicado/a figurará automaticamente de baixa na federación, polo que non poderá ser aliñado/a en ningún encontro nin poderá adestrar; de non facelo así a compañía aseguradora non se responsabilizará do accidente.

4. **Unha vez recibido o parte cuñado e asinado por parte da federación hai que enviolo a siniestros@centrodeatencionalpaciente.es nun prazo máximo de 24 horas despois do accidente.**

5. **Enviar a servizosmedicos@fgbalonman.com o informe médico do/a deportista.**

Os/as deportistas non poderán ser aliñados/as cos seus respectivos equipos ata que os Servizos Médicos da Federación dispoñan do informe médico que así o indique.

6. **Un asegurado que se encontre en tratamento médico non poderá realizar ningunha actividade deportiva,** mentres non reciba o ALTA MÉDICA ou ESTABILIZACIÓN co fin de non agravar as lesións sufridas. No caso de incumprimento deste punto, procederase á paralización do tratamento médico e ao rexeitamento das lesións que un novo accidente poidera ocasionar.

IMPORTANTE: Todos os accidentes teñen un prazo máximo de comunicación de 7 días dende o momento do accidente. De non respectar ese prazo ou incumprir calquera dos puntos anteriores implicarían a non cobertura por parte da compañía aseguradora.

En Vigo, 30 de setembro de 2022

